## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

*EXTRACTO da Resolución do 21 de agosto de 2020 pola que se aproban as bases, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para a realización de funcións de artes escénicas e música durante o ano 2020 (código de procedemento CT406A).*

BDNS (Identif.): 520931.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poden solicitar as distintas modalidades de subvención as persoas que a continuación se sinalan:

Artes escénicas.

Modalidade A.1: subvencións para a realización de funcións de artes escénicas fóra de Galicia.

Persoas beneficiarias: persoas físicas (autónomas) e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á realización de funcións de espectáculos de artes escénicas que desenvolvan a maior parte da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Modalidade A.2: subvencións para a realización de funcións de artes escénicas en Galicia.

Persoas beneficiarias: persoas físicas (autónomas) e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á realización de funcións de espectáculos de artes escénicas que desenvolvan a maior parte da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

B. Música.

Modalidade B.1: subvencións para a realización de funcións musicais fóra de Galicia.

CVE-DOG: zm99url7-j7u5-dvt6-7406-6yen5bk41la4

Persoas beneficiarias: persoas físicas (autónomas) e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á realización de funcións de espectáculos musicais que desenvolvan a maior parte da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. *Finalidade*

Fixar as bases que regularán o réxime de subvencións establecidas pola Agadic para promover a representación de funcións de artes escénicas e música producidas e realizadas por empresas e/ou compañías ou grupos profesionais que desenvolvan a maior parte da súa actividade en territorio galego, coa excepción das asociacións e entidades sen fins de lucro (código de procedemento CT406A).

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 21 de agosto de 2020 pola que se aproban as bases, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para a realización de funcións de artes escénicas e música durante o ano 2020 (código de procedemento CT406A).

Cuarto. *Importe*

O importe máximo para o financiamento das axudas incluídas nesta convocatoria é de 160.000 euros da partida orzamentaria 2020.11.A1.432.B.470.0 para o ano 2020, dos cales corresponderán 80.000 euros para funcións de artes escénicas e 80.000 para funcións musicais.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para presentar as solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2020

Román Rodríguez González
Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega
das Industrias Culturais

CVE-DOG: zm99url7-j7u5-dvt6-7406-6yen5bk41la4

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia